

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

6015 *Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

O Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, regula as organizacións de produtores e as asociacións destas nos sectores agrícolas e establece unha serie de particularidades para as do sector das froitas e hortalizas.

Como desenvolvemento do dito regulamento, a Comisión adoptou o Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta aos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás sancións que se deben aplicar neses sectores e se modifican o Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, e o Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas. Ambos os regulamentos, en vigor desde os sete días da súa publicación no «Diario Oficial de la Unión Europea», substituíron e derrogaron a normativa da Comisión que regulaba as organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores do sector das froitas e hortalizas; en concreto, o Regulamento (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas.

Os novos regulamentos introduciron numerosos cambios no recoñecemento e no funcionamento das organizacións de produtores de froitas e hortalizas e das súas asociacións. Estes cambios, xunto coas numerosas interpretacións realizadas pola Comisión a través das súas auditorías, e como respostas ás preguntas formuladas polos Estados membros, fan necesaria unha adaptación da normativa básica que regula estas figuras no Reino de España; en concreto, do Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas. Por iso, con obxecto de dar unha maior seguridade xurídica ás comunidades autónomas e ao propio sector, e debido ao número de cambios a que se debería someter o citado Real decreto 1972/2008, o cal xa foi modificado en varias ocasións para dar claridade aos aspectos que regula, considérase necesario derrogalo e substituílo por un novo texto.

O contido deste real decreto axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase esta norma na necesidade de adecuar a nosa normativa á da Unión Europea e evitar posibles correccións financeiras ante un inadecuado recoñecemento de organizacións de produtores que apliquen programas operativos.

Dado que o réxime de autorización previa se prevé na normativa da Unión Europea xa citada, cúmprese o principio de proporcionalidade, e os aspectos regulados límitanse ao mínimo imprescindible para cumprir coa dita normativa.

Como se expuxo, ante a necesidade de realizar diversos cambios no anterior real decreto, óptase por unha única regulación en que se integran os aspectos esenciais do recoñecemento das organizacións de produtores.

Finalmente, en aplicación do principio de eficiencia, limitáanse as cargas administrativas ás imprescindibles, sen que varíen fronte á regulación actual.

Na elaboración do presente real decreto consultáronse as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de maio de 2017,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións preliminares

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer a normativa básica do Estado que regula o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector das froitas e hortalizas, e de asociacións delas, establecidas polo Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, e reguladas polo Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta aos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo ás sancións que se deben aplicar neses sectores e se modifican o Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, e o Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas.

2. O presente real decreto aplicarase a todas as organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas e asociacións destas establecidas no territorio español.

Artigo 2. *Órganos competentes no recoñecemento das organizacións de produtores e das asociacións de organizacións de produtores, e atribucións da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.*

1. O recoñecemento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas e das súas asociacións, incluídas as transnacionais, corresponderalle ao órgano competente que determine a comunidade autónoma onde estea establecida a súa sede social, sen prexuízo da solicitude de cooperación interadministrativa con outras administracións cando sexa necesario. A este órgano corresponderanlle, ademais, sobre as ditas entidades:

a) A realización dos controis, avaliacións e informes, e a aplicación das sancións establecidas no artigo 154.4 b) e c) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013; nos artigos 24 e 26 a 28 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e no presente real decreto, relativos ao cumprimento dos requisitos de recoñecemento e funcionamento.

- b) A suspensión e retirada dos recoñecementos.
- c) A validación da información a que fai referencia o artigo 21.1, así como a realización das comunicacións previstas no artigo 22 do presente real decreto.

2. Á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente corresponderanlle:

a) O establecemento, a xestión e o mantemento do Rexistro Nacional de Organizacións de Produtores e de Asociacións de Organizacións de Produtores establecido no artigo 20 do presente real decreto.

b) O establecemento e o funcionamento, coordinado coas comunidades autónomas na forma prevista no presente real decreto, do Sistema de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, establecido no artigo 23 deste real decreto.

c) A colaboración administrativa con outros Estados membros prevista nos artigos 14 e 21 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, relativa ás organizacións transnacionais de produtores e ás asociacións transnacionais de organizacións de produtores. Non obstante, a emisión de calquera tipo de acreditación relativa aos efectivos produtivos, membros, valor e volume da produción comercializada, medios técnicos e humanos, e actividades que realizan as organizacións transnacionais de produtores ou asociacións transnacionais de organizacións de produtores será competencia das comunidades autónomas correspondentes.

d) A comprobación da non pertenza dun membro produtor a máis dunha organización de produtores da mesma categoría de recoñecemento, no ámbito xeográfico superior a unha comunidade autónoma, así como a non pertenza dunha organización de produtores a máis dunha asociación de organizacións de produtores para unha mesma actividade e un mesmo produto, no ámbito xeográfico superior a unha comunidade autónoma.

e) A remisión á Comisión Europea da información recollida no artigo 54 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

Artigo 3. *Definicións e emprego de termos.*

1. Para os efectos do presente real decreto, os termos empregados no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013; no Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e no Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, terán o mesmo significado cando se utilicen no presente real decreto.

2. Así mesmo, respecto dunha organización de produtores, entenderase por:

a) «Membro agregador de produtores»: toda persoa xurídica que sexa membro dunha organización de produtores ou forme parte da cadea societaria dalgún dos seus membros, cuxos membros sexan produtores dalgún dos produtos para os cales a organización estea ou vaia ser recoñecida.

b) «Membro non produtor»: todo membro dunha organización de produtores ou dun membro agregador de produtores que non sexa produtor, segundo a definición de agricultor dada polo artigo 4.1 a) do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, dos produtos para os cales a organización estea ou vaia ser recoñecida, durante máis de tres anos continuados. En situacións debidamente xustificadas, este período poderá ser aumentado polas comunidades autónomas.

Non obstante, en virtude do disposto no artigo 2.b) do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, os membros agregadores de produtores que non sexan titulares de explotación eles mesmos serán considerados membros produtores.

c) «Concentración da oferta»: cumprimento dos mínimos establecidos no artigo 7.1 do presente real decreto e do disposto no artigo 160 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

d) «Fusión de organizacións de produtores»: unión de dúas ou máis organizacións de produtores que dea lugar a unha nova entidade xurídica que asuma os seus dereitos e obrigacións, deixando elas de existir como persoas xurídicas individuais, e que cumpra co previsto no artigo 15 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017. Nestes casos será necesario asignar un novo número de rexistro á nova organización de produtores.

Igualmente, consideraranse fusións de dúas organizacións de produtores os casos en que, tras a unión, unha das dúas entidades xurídicas existentes asuma os dereitos e as obrigacións da outra, deixando de existir unha delas. Neste caso, non será necesario asignar un novo número de rexistro de organización de produtores.

e) «Ámbito xeográfico dunha organización de produtores»: comunidades autónomas e Estados membros onde se encontran situadas as explotacións dos seus membros produtores; o ámbito xeográfico da explotación dun membro será/n a/as comunidade/s autónoma/s e o/s Estado/s membro/s en que se encontre a súa explotación.

f) «Efectivos produtivos dunha organización de produtores»: as explotacións definidas no artigo 4.1 b) do Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, que posúen os seus membros produtores, destinadas á produción de froitas e hortalizas para as cales estea recoñecida a organización de produtores, así como a súa superficie e a produción obtida nelas.

CAPÍTULO II

Organizacións de produtores

Artigo 4. *Requisitos de recoñecemento.*

1. En virtude do disposto no artigo 3 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, establécese que para obter o recoñecemento como organización de produtores para efectos do artigo 154 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, se deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser unha entidade con personalidade xurídica propia segundo o ordenamento xurídico español, ou ser unha sección dunha cooperativa creada no marco da normativa reguladora deste tipo de entidades, ou ben ser un grupo de produtores dunha sociedade agraria de transformación que constituía unha sección similar que cumpra cos requisitos establecidos na normativa que regula as seccións das cooperativas e respecte a súa propia.

Nas cooperativas e sociedades agrarias de transformación que posúan unha sección, o recoñecemento poderá recaer tanto na entidade á cal pertence a sección como na sección, segundo dispoña a solicitude de recoñecemento presentada. En caso de que recaia sobre a cooperativa ou a sociedade agraria de transformación, os membros que constitúen a organización serán os que formen parte da sección, na cal deberán estar todos os produtores de froitas e hortalizas que formen parte da entidade xurídica.

b) Ter a súa sede social dentro do ámbito xeográfico español.

c) Ter sido creada por iniciativa de e estar constituída exclusivamente por produtores dos produtos para os cales se solicita o recoñecemento, excepto nos casos e nas condicións recollidos no artigo 6 do presente real decreto.

Nos novos recoñecementos, a condición de estar constituída por produtores deberá ser acreditada mediante a presentación da documentación que xustifique que cada un dos membros que vaian formar parte da organización producise no período mencionado no último parágrafo do artigo 8 do presente real decreto. A dita documentación deberá estar á disposición do órgano competente.

d) Posuír uns estatutos, ou un regulamento de réxime interno no caso das seccións mencionadas na letra a) do presente punto, elevados a escritura pública ou rexistrados no rexistro correspondente segundo dispoña a normativa que regula a persoa xurídica que sexa a entidade solicitante ou visados polo órgano competente no seu recoñecemento, que respecten o disposto para eles na sección I do capítulo III do título II da parte II e no artigo 160 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013; no Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017; no Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e no presente real decreto.

Os estatutos dos membros agregadores de produtores que formen parte dunha organización de produtores deberanse anexionar aos da organización e ser concordantes e coherentes cos dela.

e) Solicitar o recoñecemento por escrito, ante o órgano competente correspondente, respecto dunha das categorías establecidas no artigo 5 do presente real decreto, indicando o seu ámbito xeográfico e xuntando, polo menos, a documentación e a información establecidas no anexo I.

f) No caso de que a solicitante do recoñecemento sexa unha cooperativa ou unha sociedade agraria de transformación con sección de froitas e hortalizas, ou sexa unha sección das previstas na letra a) deste punto, ademais:

1.º O regulamento de réxime interno da sección deberá recoller de maneira expresa a prohibición de adoptar acordos contrarios á lei, aos estatutos da entidade á cal pertence ou ao interese xeral da dita entidade.

2.º Os estatutos da cooperativa ou da sociedade agraria de transformación que posúan sección de froitas e hortalizas deberán establecer que as decisións relativas ao recoñecemento, ao funcionamento e ás actuacións como organización de produtores, incluídas as relativas á presentación e execución de programas operativos e constitución dos fondos operativos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, serán adoptadas directamente pola asemblea da sección.

3.º A contabilidade da entidade a que pertence a sección deberá permitir diferenciar a actividade desta.

g) No caso de ser unha sociedade mercantil, as accións ou participacións deberán ser nominativas. Este requisito será extensivo a todos os membros, directos ou indirectos, das organizacións de produtores que sexan sociedades mercantís, independentemente do tipo de personalidade xurídica que posúa a organización.

h) Cumprir os demais requisitos establecidos para elas no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013; no Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017; no Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e neste real decreto.

2. As organizacións de produtores deberán levar un rexistro sobre os membros que forman parte dela que recolla, polo menos, a información que se detalla no anexo II do presente real decreto.

3. En virtude do disposto no artigo 60 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común, non se recoñecerá ningunha organización de produtores que obtivese os requisitos de recoñecemento mediante a creación de situacións artificiais. En particular, analizaranse os seguintes casos:

a) Cando un membro, directo ou indirecto, posúa unha porcentaxe desproporcionadamente elevada dos efectivos produtivos da organización. Considerarase como tal cando posúa máis do 50% dos efectivos produtivos da organización. Non obstante, mesmo cando se alcance a dita porcentaxe, se se demostra que non existe ningún abuso de poder ou influencia por parte de ningún membro, non se considerará situación artificial.

b) Cando toda ou gran parte da produción comercializada pola organización de produtores se venda a un ou varios membros dela ou a entidades a que se teña externalizada algunha actividade.

c) Cando a organización teña externalizadas todas as actividades que pode externalizar.

d) Cando se produzan cambios no tipo de personalidade xurídica na organización de produtores para ser cooperativas co obxectivo de evadir os controis sobre control democrático.

Artigo 5. *Categorías de recoñecemento.*

1. As organizacións de produtores deberán ser recoñecidas respecto dunha das seguintes categorías, cada unha das cales inclúe os produtos recollidos no anexo III:

- (i) Froitas e hortalizas.
- (ii) Froitas.
- (iii) Hortalizas.
- (iv) Produtos destinados á transformación.
- (v) Cítricos.
- (vi) Froitos de casca.
- (vii) Cogomelos.
- (viii) Aromáticas e condimentos.
- (ix) Uva de mesa.
- (x) Melón.
- (xi) Cebola.

2. Con excepción do establecido no artigo 12 do presente real decreto, os produtores dunha organización de produtores terán a obrigaón de comercializar a través dela a totalidade da súa produción relativa aos produtos para os cales estea recoñecida. En caso de que a organización de produtores non estea recoñecida para un ou varios dos produtos que produce, poderá pertencer a outra ou outras organizacións que si estean recoñecidas para a categoría á cal pertenza o dito produto.

3. Para poder obter o recoñecemento como categoría (iv), a entidade correspondente deberá obter o compromiso por escrito, por parte dos seus membros, dunha entrega mínima que garanta o valor da produción comercializable mínimo establecido para elas no anexo IV, así como achegar o correspondente contrato de subministración entre a empresa transformadora e a organización en caso de que esta non sexa a propia transformadora.

Artigo 6. *Membros non produtores.*

En virtude do disposto no artigo 16 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, dispónse que:

a) Só se poderán admitir membros non produtores nas organizacións de produtores cuxa personalidade xurídica sexa cooperativa ou sociedade agraria de transformación, e sempre coa condición de que non poidan participar na toma de decisións relativas ao funcionamento da organización de produtores, e aos programas e fondos operativos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, o cal deberá vir recollido nos seus estatutos. Estes membros non computarán nin se poderán ter en conta no cómputo recollido polo artigo 7 do presente real decreto.

b) Os membros agregadores cuxa personalidade xurídica sexa a de cooperativa ou sociedade agraria de transformación poderán ter membros non produtores nas mesmas condicións establecidas na letra anterior.

c) Nas organizacións de produtores e membros agregadores de produtores que posúan membros non produtores, os compoñentes dos seus órganos de goberno deberán ser elixidos, exclusivamente, polos seus membros produtores.

Artigo 7. *Número mínimo de membros produtores e de valor de produción comercializable.*

1. En virtude do disposto no artigo 154.1.b), do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, unha organización de produtores deberá concentrar, como mínimo, o número de membros produtores, determinados de acordo co disposto no seguinte punto, e o valor ou o volume de produción comercializable que figura no anexo IV deste real decreto.

Non obstante, nos casos en que unha organización de produtores posúa parte dos seus efectivos produtivos nunha comunidade autónoma en que os mínimos establecidos no parágrafo anterior non sexan os máximos para a categoría de recoñecemento que se solicita, deberanse cumprir os mínimos establecidos para a comunidade autónoma en que teña a maioría dos efectivos produtivos medidos en hectáreas ou valor da produción comercializable. E, no caso de que unha organización de produtores posúa todos os seus efectivos produtivos nunha comunidade autónoma e o seu domicilio social estea noutra diferente, deberá cumprir os mínimos establecidos para a comunidade autónoma onde estean os seus efectivos produtivos.

2. En virtude do disposto nos artigos 3 e 5.2 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, establécese que, unicamente para efectos do cumprimento do número mínimo de membros produtores establecido no punto anterior, o seu cómputo se deberá realizar de acordo co seguinte, tendo en conta que unha persoa física ou xurídica só poderá ser computada ou tida en conta, para o cómputo de persoas xurídicas, unha única vez:

a) Os membros produtores que sexan persoas físicas diferentes, non vinculadas segundo o disposto no artigo 13 do presente real decreto: cada un computará como un.

b) Se con eles non se alcanza o número mínimo de membros establecido no número 1, computaranse os membros que sexan persoas xurídicas ata alcanzar o mínimo exixido, da seguinte forma e na seguinte secuencia:

1.º Os que sexan produtores non agregadores de produtores: cada un computará como un se máis do 50 por cento do seu capital social, directa e/ou indirectamente, está en posesión de persoas físicas que non se computasen como membros produtores en virtude da letra a) ou se utilizasen para computar outro membro produtor en virtude deste punto.

En caso de que haxa varios membros deste tipo que ao final da súa cadea societaria estean integrados por unha ou máis persoas físicas coincidentes, a orde en que se aplicará a cada unha delas o disposto no parágrafo anterior será a que elixa a organización de produtores.

2.º Os que sexan agregadores de produtores non computarán e no seu lugar farano:

i) Os socios do membro agregador que sexan persoas físicas produtoras: cada un computará como un coas mesmas condicións fixadas na letra a), sempre que non se computasen xa ou se utilizasen para o cómputo dun membro en virtude de b) 1.º

ii) Os socios do membro agregador que sexan persoas xurídicas produtoras non agregadoras de produtores: cada un computará como un se máis do 50 por cento do seu capital social, directa ou indirectamente, está en posesión de persoas físicas que non fosen xa computadas como membros produtores, ou fosen utilizadas para o cómputo doutro membro en virtude dos puntos anteriores ou deste punto.

En caso de que haxa varios accionistas deste tipo que ao final da súa cadea societaria posúan unha ou varias persoas físicas coincidentes, a orde en que se aplicará en cada unha delas o disposto neste parágrafo anterior será o que elixa a organización de produtores.

iii) Os socios do membro agregador que sexan, pola súa vez, agregadores de produtores: procederase como nos membros agregadores, de acordo co disposto nas alíneas b) 2.º i) e ii), ata chegar ao momento en que xa non haxa membros agregadores na cadea societaria.

3. Todos e cada un dos membros produtores dunha organización de produtores, para poderen ser considerados como tales, deberán ser responsables do risco empresarial da explotación de que son titulares e conservar a documentación que os acredite á disposición do órgano competente no recoñecemento da organización de produtores da cal forman parte.

Artigo 8. *Valor da produción comercializable dunha organización de produtores.*

En virtude do disposto no artigo 8.1 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, o valor da produción comercializable dunha organización de produtores, para efectos do artigo 154.1b) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, calcularase de igual forma que o valor da súa produción comercializada, segundo os artigos 22 e 23 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e a normativa estatal básica que regula os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, e será a suma dos seguintes valores así determinados, baseados na documentación contable, da entidade e dos produtores:

- a) O valor da produción comercializada pola entidade solicitante do recoñecemento procedente, exclusivamente, da produción dos produtores que formen parte dela no momento de solicitar o recoñecemento, que corresponda aos produtos para os cales solicita o recoñecemento, e
- b) O valor da produción comercializada polos produtores, da produción obtida exclusivamente nas súas explotacións, que formen parte da entidade no momento de solicitar o recoñecemento que non fose comercializado a través dela, referente aos produtos para os cales a entidade solicita o recoñecemento.

Ambos os valores responderán ao período de referencia elixido pola organización dentro do establecido na normativa estatal básica pola cal se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, en virtude dos artigos 8.2 e 22 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017. Non obstante, será o período dos doce meses inmediatamente anteriores á solicitude de recoñecemento nos casos en que os produtores non producisen durante o período de referencia.

Artigo 9. *Estrutura, medios técnicos e humanos, e actividades.*

1. Unha organización de produtores deberá dispoñer dos medios materiais e humanos necesarios para cumprir coa finalidade específica que persiga das establecidas no artigo 152.1 c) incisos (i), (ii), e (iii), e o disposto nos artigos 154.1(c) e 160 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 7 do Regulamento delegado (UE) 2017/891. Non obstante, para a comercialización de produtos con destino á industria, ou que non requiran cumprimento de normas de comercialización, poderá non dispoñerse dos medios mencionados na letra b) do citado artigo 7 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017. En caso de que o cumprimento íntegro dos requisitos exixidos polas normas de comercialización se realice nas explotacións dos membros produtores da organización, e esta venda a totalidade da súa produción exclusivamente mediante poxa, poderá non dispoñerse dos medios relativos á adaptación da presentación da produción ao solicitado polo comprador da mercadoría na poxa, e ao almacenamento. Neste último caso, a poxa non poderá ter ningún vínculo de propiedade con ningún dos membros produtores que formen parte da organización, nin coa propia organización.

2. En virtude do disposto no artigo 10 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, cando os medios técnicos dunha organización de produtores sexan achegados polos seus membros, ou polas súas filiais, ou por asociacións de organizacións de produtores ás cales pertencen, ou por un terceiro vía externalización, considerarase que cumpre co requisito dos medios técnicos.

3. En virtude do disposto no artigo 155 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no artigo 13 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, unha organización de produtores poderá externalizar as súas actividades para conseguir a finalidade ou finalidades que persiga das establecidas no artigo 152.1.c), excepto a da produción, sempre que cumpra o disposto nos ditos artigos e nos puntos seguintes deste artigo. Non obstante, en virtude do disposto no artigo 13.2 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, cando unha actividade a leve a cabo unha asociación de organizacións de produtores ou unha cooperativa cuxos membros sexan cooperativas, e a organización de produtores sexa unha delas, ou unha filial da organización de produtores que cumpra os requisitos establecidos no artigo 22.8 do dito regulamento, considerarase que a realiza a propia organización de produtores e, polo tanto, non se deberán cumprir os requisitos específicos establecidos para as externalizacións.

4. As externalizacións, xa sexan as previstas no artigo 10 ou no 13 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, deberán ser aprobadas pola asemblea xeral da organización ou polo órgano equivalente en función do tipo de personalidade xurídica que posúa, así como plasmarse en acordos comerciais escritos que recollan, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) A identificación das partes.
- b) Os medios ou servizos que se contratan, descritos dunha maneira precisa e clara, xunto co seu custo e a forma de pagamento.
- c) No caso de externalizacións do artigo 13 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, ademais:

1.º O feito de que a organización de produtores será a responsable de garantir a execución dos servizos contratados e de que asume a xestión, o control e a supervisión globais do acordo comercial.

2.º A facultade da organización de produtores para impartir instrucións obrigatorias sobre os servizos contratados e para poñer fin ao contrato en caso de incumprimento das obrigacións contraídas pola entidade contratada.

3.º As cláusulas detalladas polas cales a entidade contratada se comprometa a remitir por escrito á organización de produtores a información que lle permita avaliar e exercer o control real sobre a actividade ou actividades externalizadas, concretando o tipo de información e os prazos da súa remisión. En caso de que a actividade externalizada sexa a comercialización, esta información deberá incluír, das transaccións comerciais levadas a cabo pola entidade contratada, o tipo de produto que vai vender, a forma de venda, a cantidade e o prezo de cada operación de venda.

4.º En caso de que se externalicen os servizos detallados no artigo 7 (b) do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, relativos á recollida, clasificación, almacenamento e/ou acondicionamento da produción dos seus membros, a entidade contratada deberá achegar o procedemento mediante o cal identificará os produtos da organización durante o proceso contratado.

- d) A duración do contrato.

5.º Nos casos recollidos no ordinal 4º da letra c) do punto anterior, a organización poderá vender a súa produción á entidade prestameira do servizo, sempre que o órgano competente da comunidade autónoma correspondente autorice este tipo de vendas, logo de comprobación de que a organización de produtores cumpre con todos os requisitos de recoñecemento

6.º Cando unha organización de produtores externalice a transformación dun ou máis produtos a unha entidade, deberase cumprir, ademais, o seguinte:

- a) O produto debe permanecer en todo momento baixo propiedade da organización de produtores.

b) Unha vez que se transformase o produto, a organización de produtores levará a cabo a comercialización.

c) En ningún caso a organización poderá vender un produto transformado á mesma entidade que efectuou a transformación, ou a entidades participadas por ela.

7.º A xustificación do pagamento da prestación de servizos externalizados deberá estar avalada mediante a documentación correspondente e, unha vez finalizada a campaña, as organizacións de produtores deberán realizar un informe sobre o cumprimento do acordo comercial recollido no número 4, que deberán conservar, polo menos, durante un período de cinco anos. No dito informe deberase xuntar copia dos ditos xustificantes.

8.º Nas externalizacións cuxo obxectivo sexa resolver situacións conxunturais e imprevisibles durante unha campaña, non será necesaria a aprobación por parte da asemblea xeral establecida no número 4 deste artigo.

9.º As organizacións de produtores deberán informar o órgano competente do seu recoñecemento dos cambios nas externalizacións que poidan afectar o cumprimento do disposto no número 1 do presente artigo.

Artigo 10. *Posta no mercado e actividade principal.*

1. De acordo co disposto no artigo 11.1 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e para efectos exclusivamente do dito artigo 11, a posta no mercado mediante vendas en consignación recibirá o mesmo tratamento que as vendas por poxas.

2. Cando unha organización de produtores comercialice toda ou parte da súa produción a través de filiais das descritas no artigo 22.8 Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, ou dunha asociación de organizacións de produtores ou dunha cooperativa de segundo grao á cal pertence, o cumprimento do requisito da súa actividade principal establecido no artigo 11 aplicarase *mutatis mutandis* a estas entidades.

Para efectos de verificar o disposto neste punto, as organizacións de produtores deberán informar o órgano competente no seu recoñecemento das filiais que posúen, tanto ela como os membros que forman parte dela, e indicar as participacións e o capital social que posúen de cada unha delas.

3. En caso de que nunha anualidade sexa de aplicación o disposto no artigo 23.4 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, aplicarase o disposto no dito punto para efectos do cumprimento do artigo 11.2 do citado regulamento.

Artigo 11. *Período mínimo de adhesión.*

1. En virtude do disposto no artigo 6 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, o período mínimo de adhesión dos membros produtores que formen parte dunha organización de produtores determinada será de tres anos, salvo causa motivada allea á vontade dos membros. Non obstante, as organizacións de produtores poderán establecer un prazo inferior para parte dos seus membros, sempre que o permitan os seus estatutos e non sexa inferior a un ano.

O prazo que estableza unha organización para os seus membros deberá ser adoptado polos membros agregadores de produtores que formen parte dela para os seus membros.

Os membros produtores cuxo período mínimo de adhesión sexa inferior a tres anos:

a) Non deberán figurar no rexistro mencionado no artigo 4.2 do presente real decreto, senón nun rexistro á parte, das mesmas características, que recolla os membros cun período de adhesión inferior a tres anos.

b) Non computarán para efectos dos mínimos establecidos no artigo 7.1 do presente real decreto.

c) O valor da súa produción non poderá representar máis do 20 por cento do valor da produción total da organización e deberase considerar como compras a terceiros o importe que supere a dita porcentaxe.

- d) Non poderán supoñer máis do 20 por cento dos membros totais da organización.
- e) Nin eles nin as súas explotacións poderán estar nestas circunstancias de adhesión nunha organización máis de dous anos de cada seis.

2. En virtude do disposto no artigo 6 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, dispónse que o prazo de aviso previo para que os membros produtores presenten por escrito a súa renuncia á calidade de membros deberá ser establecido por cada organización de produtores con criterios xerais que eviten discriminacións e non poderá ser superior a seis meses. Tras o dito prazo, a organización de produtores deberá dar de baixa efectiva os ditos membros con carácter inmediato. Non obstante, cando o membro solicitante da baixa deba realizar algún reintegro en virtude do artigo 16 do Real decreto 533/2017, do 26 de maio, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, poderá non facerse efectiva a súa baixa ata que o realizase.

3. No caso de que a organización estea aplicando un programa operativo establecido polo artigo 33 do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, ningún membro poderá desvincularse ou incumplir as obrigacións derivadas do dito programa durante a aplicación deste, salvo que a organización o autorice.

Artigo 12. *Comercialización da produción fóra da organización de produtores.*

Acorde co disposto no artigo 12 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, unha organización de produtores poderá autorizar a cada un dos seus membros non comercializar a través dela ata un 10 por cento do volume ou do valor da produción do dito membro, sempre que a entidade controle e dispoña dun sistema de control que deixe rastro dos controis realizados pola organización que garanta o cumprimento do dito límite.

A dita porcentaxe englobará as vendas directas a consumidores para as súas necesidades persoais, as vendas de produtos para os cales a organización estea recoñecida pero que sexan marxinais en relación co volume comercializado por ela e as vendas de produtos que, polas súas características, non estean cubertos normalmente pola actividade comercial da organización.

Artigo 13. *Control do funcionamento democrático.*

1. En virtude do disposto no artigo 17.2 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, establécese que:

a) Nas organizacións de produtores ningunha persoa física ou xurídica poderá posuír o control, directo ou indirecto, de máis do 34 por cento do total de dereitos de voto en calquera tipo de decisións da organización de produtores, nin máis do 49 por cento do seu capital social, xa sexa dunha maneira directa ou indirecta, e

b) Nos membros agregadores de produtores que formen parte das organizacións de produtores, ningunha persoa física ou xurídica poderá posuír o control, directo ou indirecto, de máis do 34 por cento do total de dereitos de voto en calquera tipo de decisións do membro agregador, nin máis do 49 por cento do seu capital social, xa sexa dunha maneira directa ou indirecta.

Para efectos da verificación dos límites establecidos nas letras a) e b), as organizacións de produtores deberán achegar ao órgano competente os seus estatutos, así como os das entidades que formen parte da súa cadea societaria, e calquera outra información ou documentación que acredite a composición, a toma de decisións, os dereitos de voto e os titulares do capital social de cada unha delas.

2. Non obstante, en virtude do establecido no artigo 17.1 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, establécese que as organizacións de produtores e os membros agregadores que forman parte das organizacións de

produtores cuxa personalidade xurídica sexa a de cooperativa e estean amparadas por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático, así como as seccións delas, cumpren co requisito de funcionamento democrático establecido no artigo 153.2 c) do Regulamento (UE) 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e non haberá que verificar os límites establecidos no número 1, aínda que si haberá que facelo nos membros agregadores que formen parte delas que posúan unha personalidade xurídica distinta á de cooperativa ou sección delas amparada por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático.

3. Para verificar o límite dos dereitos de voto que posúe unha persoa física ou xurídica respecto dunha entidade da cal forma parte dunha maneira directa ou indirecta, deberanse acumular os dereitos de voto respecto dela que posúa directamente ou indirectamente a través de persoas xurídicas nas cales os dereitos de voto que teña lle xeren unha participación maioritaria; considérase que posúe participación maioritaria nunha entidade se posúe o 50 por cento ou máis dos dereitos de voto ou do seu capital social, caso en que se lle asignarán todos os dereitos de voto dela.

4. Para determinar se unha persoa física ou xurídica que aparece máis dunha vez na cadea societaria da organización cumpre o límite establecido sobre o capital social, deberanse acumular as porcentaxes dos capitais sociais, directos e indirectos, que posúa respecto da entidade.

5. Para o cumprimento dos límites fixados no número 1 presumirase que existe vinculación entre persoas físicas, entre persoas xurídicas, ou de persoas físicas con persoas xurídicas ou á inversa. Débense acumular os seus dereitos de voto e o seu capital social como se fosen unha única persoa física ou xurídica, para efectos de evitar que se superen as porcentaxes do dito punto, nos seguintes supostos, salvo demostración fidedigna en contra de que existe unha responsabilidade diferenciada do risco empresarial da explotación da cal son titulares en defensa dos intereses respectivos, conforme o exixido no artigo 7.3 deste real decreto:

- a) No caso do pupilo respecto do titor legal ou xudicial.
- b) No caso de copropiedade do capital social da persoa xurídica, como poden ser herdanzas xacentes e comunidades de bens, respecto dos copropietarios entre si.
- c) No caso de descendentes directos menores de idade respecto dun ou dos dous pais que teñan a patria potestade; e
- d) Nos matrimonios, respecto dos cónxuxes entre si. No caso de explotacións acollidas á Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, a representación da explotación na organización pola muller ou polo home suxeitarase ao disposto no artigo 4 da dita lei.

Para efectos deste punto e do cumprimento do número 1 deste artigo e do artigo 7 do presente real decreto, as organizacións de produtores deberán informar o correspondente órgano competente dos casos de persoas vinculadas que forman parte da súa organización de produtores.

Artigo 14. *Organizacións transnacionais de produtores.*

1. Os requisitos de recoñecemento das organizacións transnacionais de produtores serán os mesmos que para as non transnacionais.

2. As entidades solicitantes deste recoñecemento deberán presentar a documentación establecida para os efectos no anexo I do presente real decreto e incluír na súa solicitude a información relativa ás instalacións, aos membros e aos efectivos produtivos que posúan noutro ou noutros Estados membros.

3. Previamente ao recoñecemento dunha organización transnacional de produtores, ademais de verificar os requisitos de recoñecemento como organizacións de produtores, o órgano competente deberá:

- a) Verificar que a entidade solicitante posúe a maioría do valor da súa produción comercializada, determinada acorde co disposto na normativa estatal básica que regula os

fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas, ou ten a maioría dos seus membros produtores establecidos, no ámbito xeográfico do Reino de España.

b) Obter certificación dos órganos competentes dos Estados membros onde estean situados os efectivos produtivos que non estean situados no ámbito xeográfico español, sobre que nin eles nin os seus titulares forman parte dunha organización de produtores nos ditos Estados, para os produtos para os cales solicita o recoñecemento.

c) Obter unha certificación dos órganos competentes dos Estados membros onde estean situados os efectivos produtivos que non estean situados no ámbito xeográfico español sobre calquera outro aspecto que considere necesario para verificar o cumprimento dos requisitos de recoñecemento e funcionamento como organización de produtores.

d) Para a obtención dos documentos mencionados nas letras b) e c), o órgano competente deberá solicitar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que intercambie a información necesaria co Estado ou cos Estados membros afectados.

CAPÍTULO III

Asociacións de organizacións de produtores

Artigo 15. *Normas relativas ás organizacións de produtores aplicables ás asociacións de organizacións de produtores.*

O artigo 4.1.f) respecto das seccións, o artigo 9 no relativo á externalización de actividades, o artigo 11 excepto o relativo á posibilidade dun período mínimo de adhesión inferior a tres anos, e o artigo 13 do presente real decreto aplicaranse, *mutatis mutandis*, ás asociacións de organizacións de produtores. Se a asociación de organizacións de produtores ten como unha das súas finalidades a comercialización de toda ou parte da produción das súas organizacións de produtores asociadas, aplicarase, *mutatis mutandis*, tamén o artigo 10.

Artigo 16. *Requisitos de recoñecemento.*

Para poder ser recoñecida como asociación de organizacións de produtores de froitas e hortalizas en virtude do artigo 156 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, unha entidade deberá:

a) Ser unha entidade con personalidade xurídica propia segundo o ordenamento xurídico español, ou ser unha sección dunha cooperativa ou dunha sociedade agraria de transformación.

b) Ter a súa sede social dentro do ámbito xeográfico español.

c) Solicitar por escrito o recoñecemento ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social, xuntando, polo menos, a documentación que se relaciona no anexo V.

d) Ter entre os seus fins a realización dunha ou de varias das actividades establecidas no artigo 18 do presente real decreto, respecto dun ou de varios produtos para os cales estean recoñecidas as organizacións de produtores que a integren.

e) Terse creado por iniciativa de organizacións de produtores.

f) Cumprir o disposto para elas no artigo 156 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013; no Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e neste real decreto.

g) Dispoñer dos medios técnicos e humanos necesarios para levar a cabo as actividades ou funcións para as cales se solicitou o recoñecemento.

h) Os seus membros non poderán pertencer a outra asociación de organizacións de produtores recoñecida para a mesma actividade e o mesmo ou os mesmos produtos.

i) Posuír uns estatutos, elevados a escritura pública ou rexistrados no rexistro correspondente segundo dispoña a normativa que regula a persoa xurídica que sexa a entidade solicitante ou visados polo órgano competente no seu recoñecemento, nos cales figure a actividade ou actividades para a/s cal/es se constitúe, o capital social e os dereitos de voto de cada un dos seus membros, e que regulen, polo menos, o seu funcionamento, a forma da toma de decisións para a adopción de todo tipo de acordos e as altas e baixas.

j) Levar un rexistro cos membros que a compoñen, no cal figuren o capital social e os dereitos de voto que posúe cada un deles na asociación.

k) Estar constituída por organizacións de produtores recoñecidas en virtude do presente real decreto, salvo o disposto no seu artigo 17.

Artigo 17. Asociacións de organizacións de produtores con membros que non son organizacións de produtores.

1. Unha asociación de organizacións de produtores poderá ter como membros persoas físicas ou xurídicas que non estean recoñecidas como organizacións de produtores sempre que o capital social dos membros que sexan organizacións de produtores sexa superior ao 50 por cento do capital social da asociación e que se respecten as condicións recollidas no artigo 20 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017. Este mesmo requisito deberá cumprirse respecto dos dereitos de voto.

2. Cando unha asociación de organizacións de produtores posúa membros que non sexan organizacións de produtores, os estatutos da asociación deberán recoller que se a asociación presenta programas operativos, totais ou parciais, dos establecidos no artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, as decisións sobre estes serán adoptadas por membros que sexan organizacións de produtores recoñecidas.

Artigo 18. Actividades e funcións para as cales poderán ser recoñecidas.

Unha asociación de organizacións de produtores poderá ser recoñecida para calquera das actividades das organizacións de produtores e, en particular, para:

a) A adopción por parte dos seus membros de normas comúns relativas ao coñecemento da produción.

b) A adopción por parte dos seus membros de normas comúns de produción e métodos de cultivo.

c) A adopción por parte dos seus membros de normas comúns de comercialización.

d) A adopción por parte dos seus membros de normas comúns de protección do ambiente, particularmente en canto ao emprego de prácticas de cultivo, técnicas de produción e prácticas de xestión dos residuos respectuosas co ambiente, en especial para protexer a calidade das augas do solo e da paisaxe e para potenciar a biodiversidade.

e) O cumprimento das medidas de prevención e de xestión de crises recollidas no artigo 33.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

f) A promoción dos produtos para os cales está recoñecida.

g) A solicitude de extensións de normas previstas no artigo 164 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

h) A recepción, a clasificación, o almacenamento e o acondicionamento de toda ou parte da produción dos seus membros.

i) A comercialización de toda ou parte da produción dos seus membros.

j) A valorización das producións mediante a transformación.

k) Outras actividades dirixidas á consecución de obxectivos das organizacións de produtores asociadas, que estean recollidas nos seus estatutos.

Artigo 19. *Asociacións transnacionais de organizacións de produtores.*

1. Os requisitos de recoñecemento para as asociacións de organizacións transnacionais de produtores serán os mesmos que para as non transnacionais.

2. As entidades solicitantes do recoñecemento deberán presentar a documentación establecida para estes efectos no anexo V do presente real decreto e incluír a información relativa ás instalacións, aos membros e aos efectivos produtivos que posúa noutro ou noutros Estados membros.

3. Previamente ao recoñecemento dunha asociación transnacional de organizacións de produtores, o órgano competente deberá:

a) Verificar que a sede social da entidade solicitante está situada no Estado membro onde posúe a maioría do seu valor da produción comercializada.

b) Obter un certificado dos órganos competentes do Estado ou dos Estados membros onde estean situados os membros que non estean no ámbito xeográfico español, que acredite que non forman parte dunha asociación de organización de produtores dos ditos Estados para a actividade e os produtos para os cales solicita o recoñecemento.

c) Obter un certificado sobre calquera outra información que considere necesaria para verificar o cumprimento dos requisitos de recoñecemento e funcionamento como asociación de organización de produtores.

Para a obtención dos documentos mencionados nas letras b) e c), o órgano competente deberá solicitar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente que intercambie a información necesaria co Estado ou cos Estados membros afectados.

CAPÍTULO IV

Disposicións xerais

Artigo 20. *Rexistro nacional de organizacións de produtores e de asociacións de organizacións de produtores.*

1. Para efectos do disposto no artigo 22 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente dispoñerá dun rexistro, que se denominará Rexistro Nacional de Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas e de Asociacións de Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas, no cal deberán ser inscritas unha vez recoñecidas polo órgano competente. No momento da inscrición, a citada dirección deberalles asignar un número de rexistro. No dito rexistro deberanse inscribir tamén as suspensións e as retiradas de recoñecemento destas entidades.

2. Para efectos do disposto no punto anterior, os órganos competentes, cada vez que outorguen, suspendan ou retiren o recoñecemento a unha organización de produtores ou a unha asociación de organizacións de produtores, deberán solicitar sen demora a inscrición do dito acto no Rexistro. Xunto á dita solicitude, deberán remitir a correspondente resolución, a cal, se é de outorgamento, deberá recoller, polo menos, a seguinte información sobre a entidade:

a) Se se trata de organizacións de produtores: razón social, domicilio social, número de identificación fiscal, comunidades autónomas en que posúe efectivos produtivos e infraestrutura, categoría para a cal foi recoñecida e tipo de personalidade xurídica, indicando se é sección ou non.

b) Se se trata de asociacións de organizacións de produtores: razón social, domicilio social, número de identificación fiscal, ámbito xeográfico, tipo de personalidade xurídica, entidades que forman parte dela, indicando as que son organizacións de produtores coa súa categoría de recoñecemento, actividades das establecidas no artigo 18 do presente real decreto para as cales foi recoñecida e, de ser o caso, os produtos que afecta.

3. Con obxecto de manter actualizado o Rexistro, as organizacións de produtores e as asociacións destas deberánlle comunicar ao órgano competente os cambios que se produzan na información recollida no número 2, e este transmitilos sen demora á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.

4. Cando unha organización de produtores de froitas e hortalizas, ou unha asociación delas, cambie a súa sede social dunha comunidade autónoma a outra, deberallo comunicar ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa nova sede social, que llo deberá comunicar ao órgano competente que lle outorgou o recoñecemento. O órgano competente onde radique a súa nova sede social verificará que cumpre cos requisitos de recoñecemento aplicables e, no caso de non cumprilos, comunicarllo á comunidade que outorgou o recoñecemento para que esta o revogue, tras a instrución do correspondente procedemento.

5. Os datos do Rexistro estarán á disposición das autoridades competentes e serán de carácter público.

Artigo 21. Comunicacions e informes das organizacións de produtores e das asociacións de organizacións de produtores aos órganos competentes.

1. Ademais das comunicacións establecidas noutros artigos do presente real decreto, en virtude do disposto no artigo 21 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, as organizacións de produtores e as asociacións destas deberán remitir anualmente, como máis tarde o 15 de abril, ao órgano competente que estableza a comunidade autónoma que a recoñeceu, a través da aplicación informática establecida no artigo 23.1 do presente real decreto, a seguinte información:

a) As organizacións de produtores e as súas asociacións que levasen a cabo un programa operativo o ano anterior: a información necesaria para a elaboración do informe anual recollido no artigo 54, letra b), do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

b) As organizacións de produtores que non levasen a cabo un programa operativo o ano anterior: o número de membros que posúen e o volume e valor da súa produción comercializada.

2. As organizacións de produtores e as súas asociacións deberán informar o órgano competente da comunidade autónoma que lles outorgou o recoñecemento sobre os cambios que se produzan nela que se tivesen en conta para valorar o cumprimento dos requisitos de recoñecemento. A dita comunicación deberase realizar sen demora desde o momento en que se produza o cambio.

3. Cando unha organización de produtores non remita a información recollida no número 1 deste artigo ou a presente incorrecta, o órgano competente, de acordo co disposto no artigo 59.8 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, deberá proceder segundo o disposto nos seus números 1 ao 5.

Artigo 22. Comunicacions das comunidades autónomas ao Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente

1. Para os efectos de remitir á Comisión os informes anuais establecidos no artigo 54 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, as comunidades autónomas deberán remitir, antes do 15 de setembro de cada ano, á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, co formato que se estableza e de forma telemática, a información validada mencionada no número 1 do artigo 21 deste real decreto.

2. Para efectos de poder verificar o disposto no artigo 5.2 do presente real decreto, relativo á non pertenza dun mesmo produtor a dúas organizacións de produtores con ámbito xeográfico superior a unha comunidade autónoma dentro da mesma categoría de recoñecemento, as comunidades autónomas deberán remitir á Dirección Xeral de

Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente a información validada relativa aos membros que pertencen a cada organización recoñecida por ela. Esta información deberase remitir en soporte informático ou de forma telemática xunto coa solicitude de inscrición no Rexistro establecido no artigo 21, e conterá o nome ou razón social e o NIF dos membros que formen parte da organización.

Calquera variación que se produza na dita información deberá ser comunicada igualmente nun prazo de dez días desde que teña coñecemento a comunidade autónoma.

Artigo 23. *Sistema de organizacións de produtores de froitas e hortalizas (SOFEH).*

1. Créase o Sistema de organizacións de produtores de froitas e hortalizas, que conterá:

- a) O Rexistro Nacional de Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas, e de Asociacións de Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas, e
- b) A información recollida no artigo 22 do presente real decreto.

O Sistema de organizacións de produtores de froitas e hortalizas quedará adscrito á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que será a responsable do seu funcionamento coordinado coas comunidades autónomas, na forma prevista no presente real decreto.

2. A citada dirección xeral, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento das aplicacións informáticas necesarias.

Artigo 24. *Controis.*

1. En virtude do disposto no artigo 154.4 b) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e dos artigos 24 e 27 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, os órganos competentes deberán realizar os controis administrativos e *in situ* que lles permitan verificar o cumprimento dos requisitos de recoñecemento, nos seguintes momentos:

- a) Previamente á concesión de recoñecementos de organizacións de produtores e de asociacións delas.
- b) Polo menos unha vez cada tres anos, e previamente ao pagamento da axuda anual establecida no artigo 34 do dito regulamento, no caso de organizacións de produtores e asociacións delas que posúan programas operativos establecidos polo artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.
- c) Polo menos unha vez cada cinco anos, no caso das organizacións de produtores e asociacións delas que non posúan programas operativos.

2. Os controis administrativos deberanse realizar segundo o disposto no artigo 26.1 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, e os *in situ* segundo o disposto no artigo 27 do mesmo regulamento.

3. En virtude do disposto no artigo 28 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, do resultado de cada control mencionado no número 1 do presente artigo o órgano competente deberá:

- a) Sen demora, ao finalizar o control, realizar un informe escrito, pormenorizado e datado, sobre os resultados obtidos, no cal se recollan a data e o lugar da realización dos controis, os nomes e cargos das persoas presentes neles, así como a totalidade das actuacións, medidas e documentos verificados.

- b) En caso de que se detecten incumprimentos dos requisitos de recoñecemento, proceder de acordo co disposto no artigo 59 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

4. En virtude do artigo 34 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, co obxecto de comprobar que a organización cumpre cos requisitos de recoñecemento, dispónse que nos casos recollidos no artigo 9.2 e segundo parágrafo do 9.3 do presente real decreto, nos cales os medios técnicos e humanos non sexan da propia organización ou nos cales unha actividade non sexa realizada por ela, os controis administrativos e *in situ* incluírán as verificacións necesarias nas entidades que os achegan ou que realizan as actividades.

Artigo 25. *Suspensión do recoñecemento.*

1. As suspensións do recoñecemento das organizacións de produtores e das súas asociacións, así como o levantamento delas, requirirán unha resolución expresa por parte do órgano competente no seu recoñecemento.

2. En virtude do disposto no artigo 59 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, a suspensión do recoñecemento:

a) Levarase a cabo ao finalizar o prazo que o órgano competente lle outorgue á organización para que adopte as medidas correctoras necesarias na carta de apercibimento a que fai referencia o artigo 59.1 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, se a entidade non adoptou as ditas medidas e o incumprimento dos criterios de recoñecemento detectado está vinculado co número mínimo de membros e/ou do valor da produción comercializable exixidos, co persoal e a infraestrutura necesaria para garantir as súas funcións esenciais e para cumprir cos requisitos establecidos para elas polo Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, coa actividade principal recollida no artigo 11 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, ou coa exixencia de garantía de funcionamento democrático.

b) Deberáselles notificar ás organizacións de produtores, ao longo dos dez días seguintes ao da finalización do prazo a que fai referencia o parágrafo anterior, e a súa duración non poderá ser superior a doce meses desde que a organización recibise a carta de apercibimento. A resolución de suspensión correspondente deberá recoller o inicio e o final da suspensión, os efectos desta durante o período que terá suspendido o recoñecemento e os efectos da non adopción das medidas correctoras.

c) Implicará que a organización de produtores poida continuar coas súas actividades pero sen percibir o pagamento das axudas que deriven de ser unha entidade recoñecida, en especial da establecida no artigo 34 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, ata que se levantase a suspensión. Tras o levantamento, a axuda deberase reducir un 2% por cada mes civil ou parte do mes civil que durase a suspensión.

d) Unha vez transcorrido o período de suspensión de recoñecemento, se a organización de produtores continúa sen cumprir algún dos requisitos de recoñecemento mencionados na letra a) deste punto, retirarase o seu recoñecemento con efectos desde a data en que se deixasen de cumprir os ditos requisitos ou, se non for posible determinar esa data, desde aquela en que se detectase o incumprimento. En caso de que o incumprimento faga referencia ao número mínimo de membros e/ou do valor da produción comercializable exixidos, terase en conta o disposto no segundo parágrafo do artigo 59.6 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

3. En virtude do disposto no artigo 60 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, tamén se suspenderá o recoñecemento a unha organización de produtores ou a unha asociación de organización de produtores cando sexan obxecto dunha investigación por parte da Administración, motivada por unha acusación de fraude respecto da axuda establecida polo Regulamento (UE) 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello. Esta suspensión durará ata que se determine o cargo que se lle imputa e terá os efectos establecidos no número 2 do mencionado artigo.

Artigo 26. *Retirada do recoñecemento.*

1. As retiradas de recoñecemento das organizacións de produtores e das súas asociacións requirirán unha resolución expresa por parte do órgano competente no seu recoñecemento e tramitaranse:

a) Por instancia das entidades, dirixida ao órgano competente que lle outorgou o recoñecemento, sen prexuízo do cumprimento das obrigacións e dos compromisos derivados da súa condición de organización de produtores ou asociación delas, e das responsabilidades que poidan derivar das actuacións levadas a cabo durante o período en que tivo o recoñecemento.

b) De oficio, en aplicación do disposto no artigo 25.2 d) do presente real decreto e nos números 3, 6 e 8 do artigo 59 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, nas organizacións de produtores. Nestes casos, a retirada de recoñecemento implicará a perda do dereito de cobramento das axudas por ser unha entidade recoñecida en virtude do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, desde a data en que produza efectos a retirada de recoñecemento, e a recuperación das que percíbise desde a dita data, conforme o disposto no artigo 67 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

c) De oficio, cando se demostre que unha organización de produtores ou unha asociación delas cometeu fraude respecto dunha axuda cuberta polo Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Nestes casos, os efectos da retirada de recoñecemento serán os dispostos no artigo 60.2 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

2. En todos os casos de retirada do recoñecemento deberase ter en conta o disposto no artigo 36 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

Disposición transitoria única. *Adaptación das organizacións de produtores e asociacións de organizacións de produtores.*

Os cambios introducidos neste real decreto que requiran a súa adopción pola asemblea xeral da entidade ou, de ser o caso, pola xunta xeral de accionistas se así estiver disposto nos seus estatutos, ou no seu regulamento de réxime interno, ou na normativa específica que regula a súa personalidade xurídica, deberán ser adoptados polas organizacións de produtores e polas asociacións de organizacións de produtores na primeira asemblea xeral ou, de ser o caso, xunta xeral de accionistas, que celebren, e non poderá superar o prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1972/2008, do 28 de novembro, sobre recoñecemento de organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos cando as ditas modificacións sexan exixidas como consecuencia da normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de maio de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Documentación que se deberá xuntar coa solicitude de recoñecemento

A) Todas as organizacións de produtores

1. Documento, elevado a escritura pública, que acredite a constitución da entidade, a súa denominación, a súa finalidade, o seu domicilio social, a súa forma xurídica, o seu número de identificación fiscal, o seu capital social e as persoas que a constitúen, en que se indique a porcentaxe de capital de cada unha delas. Non obstante, no caso de que a entidade solicitante sexa unha cooperativa ou sección dela que non requira realizar a contaxe establecida no artigo 7.2.b) do presente real decreto para demostrar o cumprimento do número mínimo de membros establecido no número 1 do dito artigo, non terá que recoller a porcentaxe de capital de cada persoa que a constitúe.

No caso de que a entidade solicitante sexa unha sociedade mercantil, deberá facer constar se as participacións ou accións deben ser nominativas.

2. Certificado sobre o acordo da asemblea xeral, no caso de cooperativas, sociedades agrarias de transformación e seccións destas, ou da xunta xeral de accionistas no caso de sociedades mercantís, ou do órgano correspondente noutro tipo de forma xurídica, no cal se acordou solicitar o recoñecemento como organización de produtores, en que se recolla o compromiso de respectar a normativa que as regula e a categoría para a cal se solicitará o recoñecemento.

3. Estatutos (ou regulamento de réxime interno no caso das seccións) de funcionamento, elevados a escritura pública ou rexistrados no rexistro correspondente, segundo dispoña a normativa que regula a persoa xurídica que sexa a entidade solicitante ou visados polo órgano competente no seu recoñecemento, que recollan, polo menos:

a) A finalidade específica que persigan das establecidas no artigo 152.1 c), incisos i), ii), e iii), do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

b) A existencia aos seus membros produtores de comercializar toda a súa produción dos produtos para os cales a organización estea ou vaia ser recoñecida, a través da organización.

No caso de que a organización autorice os seus membros produtores para realizaren vendas das recollidas no artigo 12 do presente real decreto, deberán recoller a dita autorización e o compromiso de establecer o procedemento de control mencionado no dito artigo.

c) As demais obrigacións a que se someten os membros produtores de maneira precisa e clara, en particular:

i) Aplicar as normas adoptadas pola organización en materia de notificación da produción, de produción, de comercialización e de protección ao ambiente.

ii) Pertencer a unha soa organización de produtores para a mesma categoría de recoñecemento.

iii) Facilitar a información que se lles solicite para efectos estatísticos da organización de produtores.

iv) As contribucións financeiras que se lles impondrán para financiar a organización de produtores.

v) O período mínimo de adhesión á organización.

vi) O período de aviso previo para causar baixa na organización, e as cargas económicas que terá que aboar por iso, así como calquera outro efecto a que dea lugar o feito de causar baixa na entidade.

vii) As sancións por incumprimento das obrigacións estatutarias.

d) Os procedementos mediante os cales se fixarán, adoptarán e modificarán as normas recollidas na letra c) anterior, inciso i).

e) As cooperativas ou sociedades agrarias de transformación que poidan posuír membros non produtores, a exigencia de que estes non poderán participar na toma de decisións relativas ao funcionamento da organización de produtores e aos programas e fondos operativos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

f) As normas que lles garantan aos seus membros produtores o control democrático da organización de produtores e das decisións dela en todo tipo de acordos. Para estes efectos, deberán recoller os dereitos de voto e o capital social dos membros, así como o quórum necesario para a adopción de acordos. No caso de posuír membros non produtores, deberán recoller que estes non poderán participar na toma de decisións relativas ao funcionamento como organización de produtores e aos programas e fondos operativos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, nin poderán participar na elección dos órganos de goberno.

Non obstante, no caso de cooperativas ou seccións delas que estean amparadas por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático, non será necesario que recollan o disposto no punto anterior.

g) As normas relativas á admisión de novos membros.

h) O compromiso de levar, a partir da data de recoñecemento, unha contabilidade específica para as actividades sometidas a recoñecemento e as normas contables e orzamentarias necesarias para o funcionamento da organización. En caso de que sexa unha sección, a contabilidade da entidade a que pertence a sección deberá permitir diferenciar a actividade desta.

i) No caso de ser unha cooperativa ou sociedade agraria de transformación con sección de froitas e hortalizas, ou ser unha sección das previstas na letra (a) do número 1 do artigo 1 deste real decreto:

– O regulamento de réxime interno da sección deberá recoller a prohibición de adoptar acordos contrarios á lei, aos estatutos da entidade a que pertence ou ao interese xeral da dita entidade, e

– Os estatutos da cooperativa ou da sociedade agraria de transformación que posúan sección de froitas e hortalizas deberán establecer que as decisións relativas ao recoñecemento, ao funcionamento e ás actuacións como organización de produtores, incluídas as relativas á presentación e execución de programas operativos e constitución dos fondos operativos establecidos nos artigos 32 e 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, serán directamente adoptadas pola asemblea da sección.

j) Nas organizacións de produtores que posúan membros non produtores, que os compoñentes dos seus órganos de goberno deberán ser elixidos exclusivamente polos membros produtores.

4. Certificado do secretario ou órgano equivalente da entidade, co visto e prace do presidente ou órgano equivalente da entidade, no cal se indique:

a) O número de membros produtores da organización, baseado nas acreditacións de titularidade de explotacións dos membros e das súas producións durante, polo menos, os doce meses anteriores á solicitude de recoñecemento.

b) O valor da produción comercializable da organización de produtores, determinado de acordo co disposto no artigo 8 do presente real decreto.

c) Que todos e cada un dos produtores que forman parte dunha organización de produtores son responsables do risco empresarial da explotación de que son titulares. En caso de posuír membros vinculados segundo o disposto no artigo 13.4 do presente real decreto, os membros que o están.

5. Libro de rexistro de socios, en soporte tradicional ou informático, e información relativa aos efectivos produtivos de cada un deles, descrito no anexo II do presente real decreto.

6. No caso de que permitan membros produtores con períodos mínimos de adhesión inferiores a tres anos, o libro de rexistro mencionado no artigo 11.1 do presente real decreto.

7. Documento coa descrición e localización dos medios humanos, materiais e técnicos con que conta para levar a cabo adecuadamente as súas actividades, tanto no relativo á duración como á eficacia. Polo menos, deberá incluír:

a) Procedemento que vai utilizar e medios con que conta o departamento técnico de produción para levar a cabo unha estratexia de adaptación da produción dos seus membros ao demandado polo mercado, marcarlles aos membros produtores directrices para que os sistemas de cultivo utilizados polos seus membros sexan respectuosos co ambiente e coordinar os membros produtores nos aspectos relacionados con calendarios de sementeira e recolección, variedades e especies que se van cultivar, volumes de produción e reconversións que se van realizar.

b) Medios con que conta o departamento de acondicionamento da produción para levar a cabo a clasificación, o almacenamento e o acondicionamento da produción dos seus membros.

c) Estrutura e medios con que conta o departamento comercial para levar a cabo a posta no mercado da produción dos membros produtores.

d) Medios con que conta o departamento administrativo para levar a cabo a xestión administrativa da organización de produtores.

No caso de que a entidade teña externalizada algunha das súas actividades ou algún dos medios técnicos para poder cumprir cos requisitos de recoñecemento, deberá presentar o ou os acordos comerciais descritos no artigo 9.4 deste real decreto.

8. No caso de solicitar o recoñecemento como categoría (iv), o compromiso por escrito por parte dos seus membros dunha entrega mínima que garanta o valor da produción comercializable mínimo establecido para elas no anexo IV, e o contrato de subministración entre a empresa transformadora e a organización, se esta non é a transformadora.

9. As filiais que posúen a organización e os membros que forman parte dela, con indicación das participacións e do capital social que posúen de cada unha delas.

10. Sobre os membros agregadores de produtores que formen parte da organización de produtores, xa sexa de maneira directa ou indirecta:

a) Os estatutos de cada un deles.

b) O documento descrito no número 1 da parte (A) deste anexo, correspondente ao membro agregador, cos mesmos criterios que os descritos nel.

B) Organizacións de produtores transnacionais

Ademais da documentación relacionada na epígrafe (A), as organizacións de produtores transnacionais deberán presentar un certificado expedido polo secretario da entidade no cal se faga constar o número de membros produtores e o valor da produción comercializada que posúe a organización de produtores en cada un dos Estados membros onde posúen efectivos produtivos.

ANEXO II

Estrutura e contido do Rexistro de Membros das Organizacións de Produtores

I. En organizacións de produtores cuxa personalidade xurídica sexa a de cooperativa ou sociedade agraria de transformación, ou seccións delas:

a) Membros da organización que sexan persoas físicas ou persoas xurídicas non agregadores de produtores. Destes membros recollerase, polo menos:

- 1.º Nome ou razón social.
- 2.º NIF.
- 3.º Data de alta.
- 4.º Data de baixa.
- 5.º Se é produtor ou non produtor.
- 6.º Se é membro directo ou a través dun membro agregador.
- 7.º Efectivos produtivos da súa explotación (superficie cultivada, produtos e volume e valor da súa produción por produtos).
- 8.º Ámbito xeográfico da súa explotación.
- 9.º Capital social que posúe respecto da organización.

Non obstante, non será necesario recoller esta información cando o membro sexa un membro directo dunha organización de produtores que sexa unha cooperativa amparada por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático ou unha sección dela, ou cando sexa un membro directo dun membro agregador cuxa personalidade xurídica sexa unha cooperativa, ou unha sección dela, que reúna os mesmos requisitos que a citada anteriormente. Porén, nestes casos, se a cooperativa ou sección dela non alcanza o número mínimo de membros establecido no artigo 7.1 do presente real decreto con membros produtores que sexan persoas físicas, deberase recoller, dos membros produtores que sexan persoas xurídicas, a información relativa á súa estrutura societaria ata chegar ás persoas físicas que hai detrás, polo menos ata que se alcance o dito número mínimo de membros, computados segundo o disposto no artigo 7.2.

10.º Dereitos de voto que posúe en todo tipo de decisións respecto da organización de produtores. Non obstante, non será necesario recoller esta información cando o membro sexa un membro directo dunha organización de produtores que sexa unha cooperativa amparada por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático ou unha sección dela, ou cando sexa un membro directo dun membro agregador cuxa personalidade xurídica sexa unha cooperativa ou unha sección dela que reúna os mesmos requisitos que a citada anteriormente.

11.º Se é membro a través dun membro agregador de produtores, deberase recoller, ademais:

i) O nivel que posúe dentro da cadea societaria da organización de produtores, partindo do criterio de que o segundo nivel son os membros dun membro agregador directo da organización.

ii) A razón social e o NIF do membro agregador de que forma parte, e o nivel que posúe o dito agregador na organización.

iii) O capital social que posúe respecto do membro agregador de que forma parte. Non obstante, non será necesario recoller esta información cando o membro sexa un membro directo dunha organización de produtores que sexa unha cooperativa amparada por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático ou unha sección dela, ou cando sexa un membro directo dun membro agregador cuxa personalidade xurídica sexa unha cooperativa ou unha sección dela que reúna os mesmos requisitos que a citada anteriormente.

iv) Os dereitos de voto que posúe en todo tipo de decisións respecto do membro agregador de que forma parte. Non obstante, non será necesario recoller esta información cando o membro sexa un membro directo dunha organización de produtores que sexa unha cooperativa amparada por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático ou unha sección dela, ou cando sexa un membro directo dun membro agregador cuxa personalidade xurídica sexa unha cooperativa ou unha sección dela que reúna os mesmos requisitos que a citada anteriormente.

- b) Membros agregadores de produtores. De cada un deles, recollerase polo menos:
- 1.º Razón social.
 - 2.º NIF.
 - 3.º Data de alta.
 - 4.º Data de baixa.
 - 5.º Se é produtor ou non produtor.
 - 6.º O nivel que posúe dentro da cadea societaria da organización de produtores, co mesmo criterio marcado no número 11, inciso i), da letra a) anterior.
 - 7.º En caso de ser produtor ademais de agregador, os efectivos produtivos dos cales el é titular de explotación (superficie cultivada, produtos e volume e valor da súa produción por produtos) e o ámbito xeográfico da explotación da cal é titular.
 - 8.º Efectivos produtivos que agrupa procedentes dos seus membros produtores (superficie cultivada, produtos e volume e valor da súa produción por produtos).
 - 9.º Ámbito xeográfico do conxunto das explotacións dos seus membros.
 - 10.º Capital social que posúe respecto da organización. Non obstante, non será necesario recoller esta información cando o membro sexa un membro directo dunha organización de produtores que sexa unha cooperativa amparada por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático ou unha sección dela, ou cando sexa un membro directo dun membro agregador cuxa personalidade xurídica sexa unha cooperativa ou unha sección dela que reúna os mesmos requisitos que a citada anteriormente.
 - 11.º Dereitos de voto que posúe en todo tipo de decisións da organización. Non obstante, non será necesario recoller esta información cando o membro sexa un membro directo dunha organización de produtores que sexa unha cooperativa amparada por unha norma xurídica que implique o seu funcionamento democrático ou unha sección dela, ou cando sexa un membro directo dun membro agregador cuxa personalidade xurídica sexa unha cooperativa ou unha sección dela que reúna os mesmos requisitos que a citada anteriormente.
 - 12.º Número de produtores que agrega.
 - 13.º De cada membro que forme parte del, o nome ou razón social e o NIF.

II. En organizacións de produtores e membros agregadores de produtores con personalidade xurídica que non sexa a de cooperativa, sociedade agraria de transformación ou seccións delas deberase recoller a información detallada na alínea I) referida aos titulares das accións ou participacións do capital da entidade.

ANEXO III

Categorías de recoñecemento das organizacións de produtores

- i) Froitas e hortalizas.

Produtos incluídos na parte IX do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Non obstante, a exclusión nesta categoría dos froitos de casca, dos cogomelos, dos cítricos, dos produtos para transformación, das aromáticas e condimentos, da uva de mesa, do melón e da cebola é opcional.

- ii) Froitas.

Produtos do capítulo NC 08 incluídos na parte IX do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Non obstante, a exclusión nesta categoría dos ditos produtos destinados á transformación, dos froitos de casca, dos cítricos, da uva de mesa e do melón é opcional.

iii) Hortalizas.

Produtos do capítulo NC 07 incluídos na parte IX do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Non obstante, a exclusión nesta categoría dos ditos produtos destinados á transformación, dos cogomelos e da cebola é opcional.

iv) Produtos destinados á transformación.

Produtos incluídos na parte IX do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, que a entidade sexa quen de garantir que se entregan para a transformación nos produtos incluídos na parte X do dito anexo, ou no artigo 22.3 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

v) Cítricos.

Produtos do código NC 0805.

vi) Froitos de casca.

Froitos de casca incluídos na parte IX do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, entre eles as améndoas, abelás, noces de nogueira, castañas e pistachos, así como as alfarrobas.

vii) Cogomelos.

Fungos do xénero *Agaricus*, trufas e demais cogomelos e fungos frescos ou refrixerados.

viii) Aromáticas e condimentos.

Azafrán, tomiño, alfabaca, melisa, menta, ourego, romeu e salvia, frescos ou refrixerados.

ix) Uva de mesa.

x) Melón.

xi) Cebola.

ANEXO IV**Número mínimo de membros e de valor da produción comercializable das organizacións de produtores**

a) Categorías (i), (ii), e (iii):

– En Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Illes Balears, Castilla y León e Canarias:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Entre cinco e quince	1.000.000 €
Máis de quince	500.000 €

– Demais zonas:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Entre cinco e quince	3.000.000 €
Entre dezaseis e corenta	2.500.000 €

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Máis de corenta	1.500.000 €

b) Categoría (v):

– En función do número mínimo de membros e do valor mínimo de produción comercializable. En todo o territorio nacional:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Cinco	3.000.000 €

– En función do número mínimo de membros e do volume mínimo de produción comercializable. En todo o territorio nacional, excepto en Illes Balears

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Vinte e cinco	2.500 t

– En función do número mínimo de membros e do volume mínimo de produción comercializable. En Illes Balears:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Vinte e cinco	2.500 t

c) Categorías (iv), (vi), (vii), (viii), (ix), (x) e (xi):

– Para todo o territorio nacional:

Número mínimo de membros	Mínimo valor produción comercializable
Cinco	250.000 €

ANEXO V

Documentación que se xuntará coa solicitude de recoñecemento como asociación de organización de produtores

1. Documento, elevado a escritura pública, que acredite a constitución da entidade, a súa denominación, o seu domicilio social, a súa forma xurídica, o seu número de identificación fiscal, o seu capital social, as entidades que a constitúen coa porcentaxe de capital de cada unha, as actividades que vai realizar e os produtos que afecta.

2. Certificado da acta da asemblea xeral no caso de cooperativas e sociedades agrarias de transformación, ou da xunta xeral de accionistas ou órgano equivalente no resto, no cal se acordou solicitar o recoñecemento como asociación de organización de produtores, co compromiso de respectar a normativa que a regula.

3. Estatutos de funcionamento, elevados a escritura pública ou rexistrados no rexistro correspondente segundo dispoña a normativa que regula a persoa xurídica que sexa a entidade solicitante ou visados polo órgano competente no seu recoñecemento, que recollan polo menos:

- a) As actividades que se van realizar das establecidas no artigo 18 do presente real decreto e os produtos que afecta.
 - b) As obrigacións a que se someten as entidades asociadas de maneira precisa e clara, en particular a de non poder pertencer a máis dunha asociación de organizacións de produtores para unha determinada actividade e para un mesmo produto, as contribucións financeiras que se lles impoñerán para financiar a asociación, o período mínimo de adhesión, o período de aviso previo para causar baixa na organización, as cargas económicas que terán que aboar por causar baixa e as sancións por incumprimento das obrigacións estatutarias.
 - c) A fórmula de adopción de acordos e de determinación dos dereitos de voto que lles garantan aos seus membros o control democrático da asociación. Cando posúan membros que non sexan organizacións de produtores, deberán recoller que se a asociación presenta programas operativos, totais ou parciais, dos establecidos no artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, as decisións sobre estes serán adoptadas só por membros que sexan organizacións de produtores recoñecidas.
 - d) As normas relativas á admisión de novos membros.
 - e) Compromiso de levar, a partir da data de recoñecemento, unha contabilidade específica para as actividades sometidas a recoñecemento, e as normas contables e orzamentarias necesarias para o funcionamento da asociación.
4. Libro de rexistro de entidades asociadas, en soporte tradicional ou informático, no cal se recolla, polo menos, se son ou non organizacións de produtores recoñecidas, o capital social e os dereitos de voto que posúen dentro da asociación, a data de adhesión, os datos dos seus efectivos produtivos e o seu ámbito xeográfico.
5. Documento coa descrición e localización dos medios humanos, materiais e técnicos con que conta para levar a cabo adecuadamente as súas actividades, tanto no relativo á duración como á eficacia.